

## Servicios Generales

*“De acuerdo con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se publica la notificación del Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 5 de marzo de 2015, del expediente de la reclamación de responsabilidad patrimonial al interesado que a continuación se relaciona, ya que, intentada la notificación de este en el último domicilio conocido, no se pudo practicar satisfactoriamente. Se advierte de su derecho a interponer un recurso de reposición ante el mismo órgano que ordenó el acuerdo del expediente, en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de su publicación o interponer directamente un recurso contencioso - administrativo, en el plazo de dos meses, ante el órgano jurisdiccional contencioso - administrativo.*

*El respectivo expediente obra en las dependencias de Servicios generales del Ayuntamiento de Ourense, ante el cual le asiste el derecho a consultarlo.”*

N.º expte.; Interesado

RP2014000989; Don Gervasio Lorenzo Fdez. (Contrucciones Loydo, SL)

Ourense, 21 de abril de 2015. El alcalde.

Fdo.: Agustín Fernández Gallego.

**R. 1.473**

## Ourense

### Benestar Social

Anuncio de entrada en vigor da Ordenanza reguladora dos centros cívicos municipais do Concello de Ourense

Por decreto n.º 2015002763, do 29 de abril de 2015, dispónse a seguinte resolución:

Primeiro.- Elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial da Ordenanza reguladora dos centros cívicos municipais do Concello de Ourense, por non presentaren ningunha reclamación ou suxestión durante o período de exposición pública de trinta días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia n.º 58, do 12 de marzo de 2015.

Segundo.- Ordenar, de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a publicación definitiva, xunto co seu texto íntegro, da Ordenanza reguladora dos centros cívicos municipais do Concello de Ourense coa redacción que consta no expediente.

Terceiro.- Dar conta desta resolución ao Pleno do concello, na primeira sesión que se realice.

Ordenanza reguladora dos centros cívicos municipais

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto deste regulamento, regular os dereitos, as obrigas e as condicións en que as persoas usuarias poderán utilizar as instalacións e demais servizos dos centros cívicos da Concellería de Benestar Social do Concello de Ourense.

Artigo 2.- Definición

Os centros cívicos defínense como equipamentos municipais de prestación de servizos e actividades municipais, así como de lugar de encontro e referencia dos cidadáns e as cidadás, coa finalidade de fomentar a participación activa da cidadanía.

Os centros cívicos teñen carácter polivalente e integrador, ofrecen servizos públicos e non admiten a privatización de espazos.

### Artigo 3.- Obxectivos

Os obxectivos dos centros cívicos son os seguintes:

1. Promover os distintos centros como referentes sociais e culturais dos barrios.
2. Ofrecer alternativas de ocio e tempo libre potenciando o desenvolvemento das habilidades e as capacidades das persoas.
3. Favorecer a relación, o intercambio e a cooperación social.
4. Fomentar a creación de redes sociais e culturais.
5. Ser lugares abertos de encontro, información, formación, orientación e ocio.
6. Dar satisfacción á demanda de servizos por parte da poboación.
7. Facilitar unhas relacións cos cidadáns e as cidadás máis abertas e polivalentes.
8. Fomentar a participación activa da cidadanía e o tecido asociativo e participativo.
9. Favorecer o compromiso do cidadán e a cidadá, individual e colectivamente.
10. Dinamizar a vida social e cultural do barrio acorde cos valores democráticos.
11. Elaborar programas de carácter cultural e social que teñan como obxecto o desenvolvemento integral dos veciños e as veciñas.
12. Previr a marxinação e a desigualdade.

### Artigo 4.- Persoas e colectivos usuarios

Serán persoas usuarias dos centros cívicos aquelas que empreguen lexitimamente os seus espazos, servizos, equipamentos e instalacións. Non terán esta consideración as que desenvolvan unha actividade profesional ou laboral nos centros.

Tamén terán a consideración de usuarios ou usuarias aqueles colectivos, con ou sen personalidade xurídica e, en xeral, entidades legalmente constituídas, tanto públicas como privadas, que participen das actividades organizadas polos propios centros cívicos, ben a través da cesión de espazos, ben doutra maneira legalmente establecida.

Artigo 5.- Dereitos e deberes das persoas e colectivos usuarios dos centros

#### 5.1. Dereitos das persoas e colectivos usuarios

As persoas e colectivos usuarios terán os seguintes dereitos:

1. Presentar por escrito as queixas, reclamacións e suxestións que estimen oportunas.
2. Empregar as zonas de uso común xeral nos horarios establecidos, excepto no caso de que por forza maior ou causa xustificada se atopen inhabilitados para seu uso.
3. Ser atendidos correctamente polo persoal funcionario ou laboral que desenvolve o seu labor profesional no centro cívico.
4. Acceder, modificar e cancelar os datos de carácter persoal dos que se dispoña no centro cívico, de acordo coa Lei orgánica de protección de datos.
5. Ter ao seu servizo unhas instalacións nas condicións máis adecuadas para seu uso e goce.
6. Contar co persoal técnico municipal que lles asesore sobre a organización de actividades, eventos.
7. Ter acceso á información sobre a programación do centro cívico.

#### 5.2. Deberes das persoas e dos colectivos usuarios de centros cívicos.

Son deberes das persoas e dos colectivos usuarios de centros cívicos:

1. Empregar as instalacións, servizos e equipamentos con bo trato e coidado correcto.
2. Tratar con respecto aos traballadores e ás traballadoras municipais que exercen o seu labor profesional no centro cívico.



co e, en xeral, a todas aquelas persoas que traballan ou desenvolven calquera actividade neste equipamento público.

3. Ter un comportamento adecuado e tratar con respecto ás demais persoas usuarias do centro cívico.

4. Atender, obedecer e cumprir as instrucións e normas establecidas polos servizos municipais.

5. Comunicar aos empregados e ás empregadas municipais do centro cívico aquelas anomalías e deficiencias que observasen no centro ou nos seus servizos.

6. Atender con dilixencia e rapidez, en caso de emerxencia, as indicacións dos empregados e as empregadas municipais.

#### Artigo 6.- Cesión de espazos

Usuarios e usuarias:

Calquera persoa, colectivo, asociación ou entidade cidadá, así como outras administracións ou institucións públicas poderán solicitar o uso das dependencias ou equipamentos do centro cívico que estean dispoñibles para iso, sempre que os ou as solicitantes o destinen a un fin público e para actividades sen ánimo de lucro, destinadas ao desenvolvemento cultural e social, para a promoción da vida asociativa e como canle de participación cidadá.

Non serán usuarios ou usuarias de centros cívicos:

1. As entidades, colectivos ou asociacións que, aínda estando legalmente constituídas, promovan no seu ideario, ou coas súas actividades, comportamentos contrarios aos valores constitucionais e á Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

2. As entidades que, aínda estando legalmente constituídas, teñan un perfil relixioso e soliciten espazos para a práctica de actos litúrxicos, proselitismo, ou de divulgación do seu credo.

3. As persoas físicas ou xurídicas que soliciten espazos para actividades cuxo único fin sexa a degustación de comidas e bebidas.

4. Aquelas persoas ou entidades cun interese no emprego dos espazos fundamentalmente de carácter comercial ou publicitario.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello.

Cesións ocasionais e continuadas:

As cesións de espazos poderán ser continuadas durante todo un ano ou tamén ocasionalmente para a celebración dun acto ou actividade en período concreto.

A presentación de solicitudes para cesións ocasionais terá lugar cunha antelación mínima de sete días á data solicitada, salvo supostos de urxencia debidamente xustificada, e previa consulta do coordinador ou da coordinadora da xestión do centro cívico en canto á dispoñibilidade de espazos.

Para a presentación de solicitudes para a cesión continuada o procedemento será o mesmo, aínda que, en circunstancias especiais, poderá abrirse un período de solicitude que será debidamente anunciado no taboleiro do centro cívico.

#### Artigo 7.- Autorización e prelación de cesión de espazos

7.1.- A entrega da solicitude non supón a concesión de uso. A autorización ou denegación, deberá ser comunicada ás persoas ou colectivos unha vez resolta esta. A concesión das autorizacións de uso está supeditada á dispoñibilidade de espazo.

En calquera caso, non será condición suficiente para ceder un espazo o feito de que as salas estean dispoñibles. A cesión dos espazos quedará condicionada, se é o caso, á previa obtención das preceptivas autorizacións establecidas pola normativa vixente, segundo a actividade para desenvolver.

7.2.- Establécese a seguinte orde como criterio de prioridade na concesión de espazos para a realización de actividades:

1. As actividades organizadas polo propio centro cívico, pola concellería ou polo resto de servizos municipais.

2. As actividades organizadas por asociacións e entidades inscritas legalmente.

3. As actividades organizadas por asociacións e entidades non inscritas legalmente.

4. As actividades organizadas por colectivos de persoas, aínda que non se atopen legalmente constituídas.

5. As actividades promovidas por cidadáns e cidadás a título persoal.

Non obstante, á proposta da Concellería de Benestar Social e previo informe do coordinador ou da coordinadora do centro cívico, poderase dar prioridade ao uso de espazos para a realización dunha actividade concreta atendendo ao interese público, social e relevancia da actividade.

7.3.- Ademais, entre outros, teranse en conta os seguintes criterios á hora de valorar a solicitude:

1. Rendibilidade social ou cultural, da actividade para desenvolver, na zona.

2. Grao de demanda no barrio por parte dos cidadáns e as cidadás.

3. Que se trate dunha actividade aberta a todos os veciños e as veciñas.

4. Que a actividade proxectada non dificulte ou menoscabe a programación propia do centro cívico ou do resto de servizos municipais.

5. Número de persoas beneficiarias.

6. Actividades de carácter interxeracional.

7. Actividades de grande impacto social.

#### Artigo 8.- Normativa de cesión de espazos

1. A autorización do uso de espazos dos centros cívicos está sempre supeditada á súa dispoñibilidade, unha vez cubertas as necesidades de programación municipal do servizo xestor dos centros cívicos.

2. Salvo autorización expresa por parte da área municipal competente, a actividade desenvolverase dentro do horario de apertura do centro. As excepcións que se poidan autorizar determinaranse de acordo cos criterios e directrices vixentes na organización municipal no momento no que se realice a solicitude de espazos.

3. As solicitudes de espazo que poden comportar, comprender ou abarcar actividades que excedan das que o servizo xestor dos centros cívicos considere como comúns, serán trasladadas á Xefatura de Servizo de Benestar Social, con informe preceptivo pero non vinculante do servizo xestor, manifestando a conveniencia ou non do seu outorgamento, para que esta resolva a súa autorización.

4. Unha vez autorizada unha cesión de espazos, a persoa ou entidade beneficiaria ten a obriga de comunicar por escrito ao centro cívico todos os posibles cambios que poidan producirse respecto aos manifestados no impreso de solicitude.

5. A cesión de espazos non inclúe labores de montaxe, desmontaxe ou traballos extra. Os beneficiarios ou as beneficiarias do espazo terán que dispoñer dos seus propios medios técnicos (persoal e material) para o desenvolvemento das actividades. Salvo que exista autorización expresa dos servizos municipais, non se permite gardar ou almacenar material nos espazos dos centros cívicos. O concello non se fará responsable en ningún caso da custodia e conservación dos materiais privados depositados nos centros cívicos.

6. A solicitude de espazo farase por parte dunha persoa maior de idade, quen actuará en representación da entidade solicitante. Esta persoa será a responsable do uso do espazo e do desenvolvemento da actividade. Así mesmo, cumprirá co horario autorizado e deixará o espazo nas mesmas condicións de orde e limpeza nas que se cedeu.

7. O Concello de Ourense resérvase a facultade de denegar ou limitar total ou parcialmente o uso das instalacións aos usuarios e usuarias ou suspender algunha actividade, se existira risco para a seguridade física ou psicolóxica das persoas, mediante resolución debidamente motivada.

8. O Concello de Ourense non se fai responsable das manifestacións vertidas durante o desenvolvemento de actos ou actividades nos espazos cedidos.

#### Artigo 9.- Suspensión ou revogación da cesión de espazos

O coordinador ou a coordinadora do centro poderá suspender, modificar ou revocar calquera cesión de espazos xa concedida por razóns de interese xeral debidamente motivadas. Sen prexuízo das consecuencias de orde disciplinario que puidera haber lugar, revocarase a cesión de espazos nos seguintes casos:

1. Polo mal uso das instalacións.
2. Cando as actividades desenvolvidas sexan diferentes ao manifestado na petición.
3. Cando as actividades sexan contrarias á legalidade.
4. No caso das actividades estables, cando non se empregaran de maneira reiterada os espazos cedidos durante 6 días consecutivos.

#### Artigo 10.- Cesión de sala para exposicións artísticas

O proceso de cesión de espazos e as normas para exposición son as mesmas que as descritas anteriormente respecto ás actividades puntuais ou continuadas, pero ademais a cesión do espazo estará suxeita ás seguintes condicións:

1. A cesión do espazo será de carácter gratuito.
2. O emprego do material específico cedido farase de acordo coas indicacións do persoal adscrito ao centro cívico e ao finalizar a actividade a sala estará nas mesmas condicións nas que se cedeu.
3. A preparación, retirada e seguimento, así como a vixilancia correrá a cargo do expositor, declinando o centro toda responsabilidade sobre o material exposto.
4. As relacións de obras artísticas valoradas economicamente terán un carácter orientativo. As transaccións, se as houbera, faranse fóra do centro cívico.
5. Os espazos destinados a exposicións terán un uso polivalente, polo que durante o período que dure esta poderán desenvolverse neste espazo outras actividades programadas polo centro cívico.
6. O horario de exposición será, con carácter xeral, o mesmo que o do centro cívico onde estean expostas.
7. A duración da exposición será por un máximo de 15 días, incluíndo neste período o tempo necesario para a montaxe e a desmontaxe desta, salvo circunstancias excepcionais que aconsellen ampliar ou diminuír o citado período.

As datas das exposicións distribuiranse atendendo á orde de chegada da solicitude e á relevancia ou importancia desta. Unha vez fixada polo centro a data exacta, seralle comunicada persoalmente á persoa interesada.

#### Artigo 11.- Normas xerais de acceso aos centros cívicos

1. As persoas, colectivos, asociacións ou entidades usuarias, deberán cumprir os horarios establecidos para o uso e goce do centro cívico.
2. Está prohibido o acceso de animais ao centro cívico, excepto naqueles casos nos que legalmente se permita por motivos de seguridade e para a asistencia a persoas invidentes, e naqueles outros nos que o autorice expresamente o coordinador ou a coordinadora do centro cívico.
3. Está prohibida a entrada e aparcamento de calquera vehículo nestas dependencias municipais.

4. Por razóns de seguridade, os nenos e as nenas menores de 8 anos deberán acceder aos centros cívicos en compañía dunha persoa maior de 18 anos e baixo a súa responsabilidade, salvo que acudan para asistir a cursos ou obradoiros, ou ben formando parte de centros escolares, clubs ou grupos organizados, que xa contén co seu propio persoal responsable da actividade.

5. Os departamentos municipais responsables de cada servizo poden emitir pases especiais autorizados por estes, dependentes de convenios con outras institucións ou entidades onde se detallen seus dereitos e obrigas.

6. Os medios de comunicación terán acceso ao centro sen autorización previa para cubrir informativamente actos ou espectáculos públicos que estean programados nos centros e que cumpran as seguintes características:

- a. Que non interfiran no funcionamento normal do centro.
- b. Que non afecte ao horario de apertura e peche do centro.
- c. Se se trata de gravacións xerais, que non afecte á intimidade das persoas. En caso contrario, deberán contar coa autorización expresa das persoas que van ser filmadas ou entrevistadas.
- d. Que non se produciran sucesos nos que se pode ver afectada seriamente a seguridade, a intimidade das persoas ou a seguridade do edificio (sinistros).
- e. Garantindo o dereito á intimidade e á propia imaxe das/os usuarias/os que se atopen no centro cívico.

No resto dos casos, os medios de comunicación deberán contar con autorización previa.

#### Artigo 12.- Normas xerais de uso dos centros cívicos

1. Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas, tabaco e calquera sustancia ilegal no interior dos centros cívicos.
2. Non está permitido comer no interior dos centros cívicos, salvo autorización expresa da persoa responsable do centro. Os produtos dispoñibles nas máquinas expendedoras só poderán ser consumidos nas zonas ocupadas polas ditas máquinas, a excepción da auga embotellada en recipientes plásticos.
3. Prohíbese a introdución de envases ou útiles de vidro nas instalacións, excepto cando se trate de materiais directamente ligados á actividade que se vaia desenvolver.
4. Todas as actividades realizadas no centro deberán contar con materiais adecuados, que deberán ser empregados conforme ás súas normas específicas de uso. De existir en cada espazo material de uso xenérico, o dito material será posto a disposición das persoas usuarias, sendo da súa responsabilidade o traslado, recollida e devolución do material ao seu correspondente lugar. Se se considera necesario o emprego dalgún material adicional non existente ou non dispoñible no centro, deberán contar coa autorización da persoa responsable do centro para o seu uso, e serán responsabilidade da propia persoa usuaria as consecuencias que puideran derivarse do dito uso.
5. Cando a actividade para realizar requira o almacenamento de material propio das persoas usuarias no centro, este material deberá depositarse nos armarios, caixóns ou lugares especificamente habilitados para iso, previa autorización municipal. O concello non se fará responsable en ningún caso da custodia e conservación dos materiais privados almacenados nos centros.
6. Co obxecto de gardar e respectar a intimidade das persoas usuarias, queda prohibido o emprego de cámaras fotográficas ou de vídeo, incluídos os teléfonos móbiles, PDA ou outros dispositivos que incorporen a dita función en todas as estancias nas que se poida invadir a intimidade das persoas. En espazos comúns poderán tomarse imaxes de carácter privado, salvo que indiquen o contrario a persoas obxecto das imaxes.



7. Non poderá realizarse ou promoverse ningunha actividade cuxo obxectivo sexa directa ou indirectamente a venda comercial de calquera produto ou calquera tipo de xogo de azar ou de apostas con contido económico, salvo que veña motivado por unha causa de carácter social ou benéfica, e autorizada previamente pola Concellería de Benestar Social. A excepción serán as máquinas expendedoras colocadas nos centros, sempre que teñan a correspondente autorización municipal.

8. A publicación de publicidade allea ao concello estará condicionada polo espazo que exista dispoñible e aquela que non proveña doutras institucións públicas deberá contar coa autorización expresa da persoa responsable do centro, que terá en conta os seguintes supostos prohibidos:

a. Cando a publicidade poida incitar ao consumo de bebidas alcohólicas, de tabaco, conteñan mensaxes de natureza xenófoba ou racista, inciten ao consumo de substancias ilegais ou, en xeral, cando se incite ao quebrantamento da legalidade vixente.

b. Cando as mensaxes ou imaxes mostradas atenten contra a dignidade da persoa ou vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á protección da infancia e ao emprego sexista da linguaxe ou da imaxe.

c. Cando se trate de publicidade comercial con ánimo de lucro.

d. Cando no soporte publicitario non se recollan claramente datos da entidade anunciadora ou cando as mensaxes ou contidos anunciados non reflectan claramente a finalidade deste.

#### Artigo 13.- Réxime sancionador

##### Incumprimento das obrigas

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento poderán constituír unha infracción merecedora de sanción. Os feitos serán postos en coñecemento do órgano competente e do coordinador ou a coordinadora quen informará de antecedentes podendo coordinar accións de carácter social.

##### 13.1.- Faltas moi graves

Serán moi graves as infraccións seguintes:

1. Impedir o uso dos centros cívicos ou dun servizo prestado neles a outra ou outras persoas con dereito ao seu emprego.

2. Impedir ou obstruír o normal funcionamento do centro cívico.

3. Causar deterioracións ou danos ao edificio ou a calquera das súas instalacións, equipamentos, infraestruturas ou aos seus elementos, valorados en 300,00 € ou máis.

4. A agresión física cara ás persoas que están facendo uso dos centros cívicos, así como ao persoal que traballa neles.

5. A acumulación de dúas ou máis faltas graves.

##### 13.2.- Faltas graves

Terán consideración de faltas graves:

1. A alteración da convivencia nos distintos espazos e servizos dos centros cívicos.

2. A alteración do funcionamento dos centros cívicos e dos servizos que presta, o incumprimento das normas específicas dos ditos servizos e o incumprimento das normas recollidas neste regulamento.

3. O emprego inadecuado dos distintos espazos e servizos dos centros cívicos e a realización de actividades distintas ás autorizadas.

4. Ocasionar danos nos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dos centros cívicos valorados en menos de 300,00 €.

5. Insultos cara ás persoas que están facendo uso dos centros cívicos, así como ao persoal que traballa neles.

6. A acumulación de dúas ou máis faltas graves.

7. Non comunicar os danos producidos pola propia persoa usuaria.

##### 13.3.- Faltas leves

Terán consideración de faltas leves:

1. Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades ou servizos.

2. Empregar as portas de evacuación como vía de acceso ou saída do centro en situacións de non emerxencia.

3. Ocasionar alborotos ou calquera outra acción leve que interrompa o desenvolvemento das actividades.

##### Artigo 14.- Medidas cautelares

Poderase expulsar ás persoas usuarias que incorran en condutas que poidan ser merecedoras da cualificación de falta grave ou moi grave, ata un máximo de dez días consecutivos, informando diso á persoa responsable do centro. Esta, unha vez oídas as persoas afectadas, poderá propor a modificación da medida cautelar imposta nun principio, tanto nun sentido coma noutro, de acordo á gravidade da situación, reservándose o concello o dereito de exercer as accións legais necesarias.

##### Artigo 15.- Sancións

As infraccións moi graves serán sancionadas entre 1500,01 e 3.000,00 €, ademais da privación definitiva do dereito da persoa usuaria.

As infraccións graves serán sancionadas entre 750,01 e 1.500,00 €, ademais da privación temporal do dereito da persoa usuaria.

As infraccións leves serán sancionadas ata 750 € e apercibimento.

##### Graduación das sancións:

Para a graduación da sanción que se aplicará terase en conta as seguintes circunstancias:

1. A reiteración de infraccións ou reincidencia.

2. A existencia de intencionalidade do infractor ou infractora.

3. A transcendencia social dos feitos.

4. A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

##### Artigo 16.- Procedemento sancionador

O procedemento para determinar unha sanción será o seguinte:

1. O funcionario ou a funcionaria que ostente o cargo de responsabilidade sobre o centro cívico iniciará o expediente redactando un informe dirixido á Xefatura de Servizo da Concellería de Benestar Social sobre a conduta presuntamente sancionable, circunstancias que a rodearon, medidas cautelares adoptadas e proposta de sanción.

2. A Xefatura de Servizo da Concellería de Benestar Social redactará unha proposta de sanción e comunicarlalla por escrito á persoa que presuntamente cometeu a infracción, para os efectos de que esta realice alegacións nun prazo de 15 días naturais.

3. Pasado o prazo terá a competencia de impor a sanción o concelleiro ou a concelleira da Concellería de Benestar Social ao que se atopa adscrito o edificio onde se cometeu a infracción.

##### Artigo 17.- Reparación de danos

A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor ou infractora da reposición da situación alterada por el ou ela ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados.

Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou infractora, ou a quen deba responder por el ou ela, para seu pago no prazo que se estableza.



**Artigo 18.- Persoas responsables**

Serán responsables directos das infraccións seus autores ou autoras materiais, excepto nos supostos nos que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de non imputabilidade, en cuxo caso responderán por eles ou elas aqueles ou aquelas que teñan a custodia legal.

Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de maneira solidaria.

Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas e xurídicas sobre as que recaia o deber legal de previr as infraccións administrativas que outras persoas puideran cometer.

**18.1.- Infraccións cometidas por menores de idade**

No caso de infraccións cometidas por menores, a persoa responsable do centro intentará contactar co seu pai e/ou a súa nai ou, se é o caso, cos seus titoros ou titoras, co fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos familiares propios. Así mesmo, poderán poñerse os feitos en coñecemento da Fiscalía de Menores.

**18.2.- Medidas educativas**

Na elaboración e posta en funcionamento das medidas sancionadoras estableceranse paralelamente accións educativas mediante programas preventivos dirixidos a quen cometa infraccións cando a coxuntura dos conflitos así o requira.

**18.3.- Terminación convencional**

Co fin de reparar na medida do posible os danos causados como consecuencia dunha conduta incívica, o infractor ou a infractora con carácter previo á adopción da resolución sancionadora que proceda, poderá solicitar a substitución da sanción que puidera impoñerse e, se é o caso, do importe da reparación debida ao concello pola realización de traballos ou labores para a comunidade, de natureza e alcance adecuados e proporcionados á gravidade da infracción.

**Disposición final**

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Bienestar Social**

*Anuncio de entrada en vigor de la Ordenanza Reguladora de los Centros Cívicos Municipales del Ayuntamiento de Ourense Por Decreto n.º 2015002763, de 29 de abril de 2015, se dispone la siguiente resolución:*

*Primero.- Elevar a definitivo el acuerdo de aprobación inicial de la Ordenanza Reguladora de los Centros Cívicos Municipales del Ayuntamiento de Ourense, por no haberse presentado ninguna reclamación o sugerencia durante el período de exposición pública de treinta días desde su publicación en el Boletín Oficial da Provincia n.º 58, de 12 de marzo de 2015.*

*Segundo.- Ordenar, de conformidad con lo previsto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, la publicación definitiva, junto con su texto íntegro, de la Ordenanza Reguladora de los Centros Cívicos Municipales del Ayuntamiento de Ourense, con la redacción que consta en el expediente.*

*Tercero.- Dar cuenta de esta resolución al Pleno del ayuntamiento, en la primera sesión que se celebre.*

**Ordenanza Reguladora de los Centros Cívicos Municipales****Artículo 1.- Objeto**

*Es objeto de este reglamento, regular los derechos, las obligaciones y las condiciones en que las personas usuarias podrán utilizar las instalaciones y demás servicios de los Centros Cívicos de la Concejalía de Bienestar Social del Ayuntamiento de Ourense.*

**Artículo 2.- Definición**

*Los centros cívicos se definen como equipamientos municipales de prestación de servicios y actividades municipales, así como de lugar de encuentro y referencia de los ciudadanos y las ciudadanas, con la finalidad de fomentar la participación activa de la ciudadanía.*

*Los centros cívicos tienen carácter polivalente e integrador, ofrecen servicios públicos y no admiten la privatización de espacios.*

**Artículo 3.- Objetivos**

*Los objetivos de los centros cívicos son los siguientes:*

- 1. Promover los distintos centros como referentes sociales y culturales de los barrios.*
- 2. Ofrecer alternativas de ocio y tiempo libre potenciando el desarrollo de las habilidades y las capacidades de las personas.*
- 3. Favorecer la relación, el intercambio y la cooperación social.*
- 4. Fomentar la creación de redes sociales y culturales.*
- 5. Ser lugares abiertos de encuentro, información, formación, orientación y ocio.*
- 6. Dar satisfacción a la demanda de servicios por parte de la población.*
- 7. Facilitar unas relaciones con los ciudadanos y las ciudadanas más abiertas y polivalentes.*
- 8. Fomentar la participación activa de la ciudadanía y el tejido asociativo y participativo.*
- 9. Favorecer el compromiso del ciudadano y la ciudadana, individual y colectivamente.*
- 10. Dinamizar la vida social y cultural del barrio acorde con los valores democráticos.*
- 11. Elaborar programas de carácter cultural y social que tengan como objeto el desarrollo integral de los vecinos y las vecinas.*
- 12. Prevenir la marginación y la desigualdad.*

**Artículo 4.- Personas y colectivos usuarios**

*Serán personas usuarias de los centros cívicos aquéllas que empleen legítimamente sus espacios, servicios, equipamientos e instalaciones. No tendrán esta consideración las que desarrollen una actividad profesional o laboral en los centros.*

*También tendrán la consideración de usuarios y usuarias aquellos colectivos, con o sin personalidad jurídica y, en general, entidades legalmente constituidas, tanto públicas como privadas, que participen de las actividades organizadas por los centros cívicos, bien a través de la cesión de espacios, bien de otra manera legalmente establecida.*

**Artículo 5.- Derechos y deberes de las personas y colectivos usuarios de los centros****5.1. Derechos de las personas y colectivos usuarios**

*Las personas y colectivos usuarios tendrán los siguientes derechos:*

- 1. Presentar por escrito las quejas, reclamaciones y sugerencias que estimen oportunas.*
- 2. Emplear las zonas de uso común general en los horarios establecidos, excepto en el caso de que por fuerza mayor o causa justificada se encuentren inhabilitados para su uso.*
- 3. Ser atendidos correctamente por el personal funcionario o laboral que desarrolla su labor profesional en el centro cívico.*
- 4. Acceder, modificar y cancelar los datos de carácter personal de los que se disponga en el centro cívico, de acuerdo con la Ley Orgánica de Protección de Datos.*
- 5. Tener a su servicio unas instalaciones en las condiciones más adecuadas para su uso y disfrute.*
- 6. Contar con el personal técnico municipal que les asesore sobre la organización de actividades, eventos.*



7. Tener acceso a la información sobre la programación del centro cívico.

5.2. Deberes de las personas y colectivos usuarios de centros cívicos

Son deberes de las personas y de los colectivos usuarios de centros cívicos:

1. Emplear las instalaciones, servicios y equipamientos con buen trato y cuidado correcto.

2. Tratar con respeto a los trabajadores y las trabajadoras municipales que ejercen su labor profesional en el centro cívico y, en general, a todas aquellas personas que trabajan o desarrollan cualquier actividad en este equipamiento público.

3. Tener un comportamiento adecuado y tratar con respeto a las demás personas usuarias del centro cívico.

4. Atender, obedecer y cumplir las instrucciones y normas establecidas por los servicios municipales.

5. Comunicar a los empleados y las empleadas municipales del centro cívico aquellas anomalías y deficiencias que observasen en el centro o en sus servicios.

6. Atender con diligencia y rapidez, en caso de emergencia, las indicaciones de los empleados y las empleadas municipales.

Artículo 6.- Cesión de espacios

Usuarios y usuarias:

Cualquier persona, colectivo, asociación o entidad ciudadana, así como otras administraciones o instituciones públicas podrán solicitar el uso de las dependencias o equipamientos del centro cívico que estén disponibles para ello, siempre que los o las solicitantes lo destinen a un fin público y para actividades sin ánimo de lucro, destinadas al desarrollo cultural y social, para la promoción de la vida asociativa y como cauce de la participación ciudadana.

No serán usuarios o usuarias de centros cívicos:

1. Las entidades, colectivos o asociaciones que, aún estando legalmente constituidas, promuevan en su ideario, o con sus actividades, comportamientos contrarios a los valores constitucionales y a la Declaración Universal de los Derechos Humanos.

2. Las entidades que, aún estando legalmente constituidas, tengan un perfil religioso y soliciten espacios para la práctica de actos litúrgicos, proselitismo, o de divulgación de su credo.

